

19 SET. 2017

Núm. 4606

A Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de setembro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 15074 (10/POC-002752)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel
Sobre as razóns da evolución e o nivel que presenta a débeda pública de Galicia no primeiro trimestre de 2017 en relación coa media do resto das comunidades autónomas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017
- 1.2 15234 (10/POC-002772)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as medidas específicas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para incrementar a poboación traballadora dos concellos ourensáns, o desenvolvemento dalgún plan específico para combater a súa perda de peso demográfico, o seu avellentamento e a perda de poboación traballadora, así como a avaliación que realiza en relación coa eficacia das políticas fiscais para o medio rural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017
- 1.3 15366 (10/POC-002784)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a causa do conflito laboral existente entre o colectivo de examinadores e a Dirección Xeral de Tráfico, así como o seu impacto económico, social e laboral, as demandas realizadas ou que vai realizar ao Goberno central ao respecto e o establecemento dalgún tipo de axudas para as pequenas e medianas empresas afectadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

- 1.4 15411 (10/POC-002795)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón
Sobre as razóns da evolución que presenta o mercado de traballo en Galicia desde o ano 2009 ao ano 2017 en relación co resto das comunidades autónomas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 7255 (10/PNC-000752)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo referido ao impacto das baixas pensións de xubilación dos traballadores autónomos na economía e na sociedade galega a medio e longo prazo, a posta en marcha dun plan específico de carácter global que evite situacións ou risco de pobreza na poboación xubilada e as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017
- 2.2 7451 (10/PNC-000770)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a regularización da situación tributaria das pensións públicas dos emigrantes retornados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017

Punto 3. Dación de conta

- 3.1 10530 (10/MOP-000009)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de maio de 2017
Publicación, BOPG n.º 133, do 22.06.2017
- 3.2 15756 (10/MOP-000012)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de xullo de 2017
Publicación, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

3.3 13662 (10/IIGA-000004)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Concesión de préstamos polo IGAPE. Información sobre a situación das operacións de crédito e préstamo e a información sobre os avais vixente a 30 de xuño

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 31.08.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/09/2017 16:15:18